

## O CAMBIO CLIMÁTICO, UN IMPORTANTE RISCO PARA A SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

*No Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo desde UGT alértase de que a crise climática supón un importante risco para a saúde das persoas traballadoras*

**Redacción.-** Para UGT, o 28 de abril é unha data crucial, na que lembramos a todas aquelas persoas traballadoras que morreron ou sufriron as consecuencias dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais.

En 2023, segundo datos provisionais, producíronse 1.194.907 accidentes de traballo (44.524 en Galicia) e rexistráronse 721 accidentes mortais (56 en Galicia), moitos deles por causas facilmente prevenibles. Son cifras moi elevadas: seguimos denunciando 2 mortes ao día no traballo no conxunto do Estado.

Ademais de ser un día para o recordo, para o sindicato é un día de reivindicación e denuncia, xa que temos que visibilizar esta secuela. Cremos que a sociedade normalizou as mortes no traballo.

É un día para homenaxear e recoñecer o traballo dos miles de delegados e delegadas de Prevención de Riscos Laborais (PRL) que coa súa acción sindical coñecen e protexen a saúde e a seguridade dos seus compañeiros e compañeiras.

Este ano eliximos o lema “A crise climática, un importante risco para a seguridade e a saúde no traballo”.

É evidente que as distintas transicións que están a suceder afectan a todos os ámbitos da vida, incluíndo o traballo e os riscos asociados ao mesmo. Ante a velocidade destes cambios debemos adaptarnos. Por tanto, no contexto actual de transformación, debemos reflexionar sobre como garantir unhas condicións laborais seguras e saudables para todos e todas.

A transición demográfica, con sociedades cada vez máis envellecidas, ou a dixitalización do mundo do traballo tamén están a afectar á saúde das persoas traballadoras. A monitorización constante, a falta de desconexión, a intensificación do traballo, a redución da autonomía e determinación da persoa traballadora sometida á nova intelixencia artificial, acaban provocando serios problemas de saúde física e mental entre as traballadoras e os traballadores.

Tamén desde UGT vimos alertando desde hai tempo da necesidade de afrontar e intensificar os esforzos para loitar contra o cambio climático. Os expertos sinalan a España como un dos países máis vulnerables e os impactos xa están mostrándose.

Por tanto, cambios e retos que precisan unha revisión e adecuación do actual marco normativo en materia preventiva ás novas

**A crise climática,  
un importante risco  
para a seguridade e a  
saúde no traballo**



28 de abril | 2024  
#DíaMundialdaSST

UGT 

realidades do mundo do traballo.

Debemos anticiparnos e xestionar os cambios derivados desta tripla transición, abordándoos, xunto con outros de relevancia, na mesa de diálogo social que está aberta. Polo que, desde UGT instamos ao Goberno a axilizar os traballos desta mesa, co fin de chegar a acordos canto antes, coa única prioridade de protexer a seguridade e saúde das persoas traballadoras ante estas transicións.

## CATRO DÍAS DE FOLGA NO SECTOR DE OFICINAS E DESPACHOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

**Redacción.-** UGT e CCOO convocaron folga no sector de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra os días 16, 17, 18 e 19 de abril.

Dende FeSMC-UGT infórmase que o convenio leva máis de 12 anos paralizado, deixando a máis de 6.000 persoas, maioritariamente mulleres, nunha situación certamente precaria cos seus salarios conxelados.

O pasado 6 de xullo de 2023 logrouse abrir unha mesa negociadora que, tras varios meses de negociación,

chegouse ao bloqueo pola tentativa da patronal de impoñer a eliminación da antigüidade como medida necesaria para chegar a un acordo.

Ante esta situación, UGT e CCOO decidiron convocar asembleas de traballadores e traballadoras que concluíron na necesidade de comezar as mobilizacións, os catro días de folga sinalados, e unha concentración este xoves diante da CEP en Vigo pola tarde.



## ARRANCAN AS MOBILIZACIÓNS EN ABANCA ANTE A INMOBILISMO DA EMPRESA NA MESA DE NEGOCIACIÓN

**Redacción.-** O inmovilismo e a postura da dirección de Abanca na mesa de negociación, que están a frear calquera tipo de avance, provocou que UGT, xunto con CCOO e SIB-sf, decidisen arrancar cun calendario de mobilizacións.

O primeiro paso foi a convocatoria das concentracións que tiveron lugar hoxe ás portas de Rúa Nova na Coruña e Recoletos en Madrid, fronte ás sedes de Abanca.

Na mesa de negociación UGT realizou varias propostas encamiñadas a mellorar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras de Abanca, sen obter por parte da empresa respostas satisfactorias.

As propostas encamiñadas a mellorar o horario de todos os traballadores e traballadoras obtiveron como resposta que este só se mellorará se a cambio se incrementa o número de persoas con horario dispoñible para a empresa e sen ningunha remuneración que diferencie a esta parte do cadro de persoal.



En canto ao salario e beneficios sociais, a dirección entende que xa se produciu unha mellora cos incrementos concedidos unilateralmente e vinculados á suba salarial do convenio colectivo e o incremento da retribución variable, totalmente subxectiva e discrecional.

UGT tamén demanda unha mellora do clima laboral. Algo do que Abanca non quere falar, ignorando que a baixa produtividade que alegan podería mellorarse con cambios na forma de traballar e de dirixir ás persoas. É hora de cambiar as cousas, o autoritarismo e a diminución dos cadros de persoal non vai dar resultado.

## NON O ESQUEZAS!! A COTA SINDICAL DESGRAVA

O borrador automático da declaración elaborado por Facenda non inclúe esta dedución, que pode supoñer un aforro na cota anual sindical de entre un 20% e un 35% aproximadamente. Así pois, terás que modificar o borrador para incluíla:

**Cuadrícula 14: apartados declaración -> Datos económicos -> Rendementos do traballo -> Cotas satisfeitas a sindicatos.**

En principio non é necesario ter o certificado da organización, só tes que poñer na declaración a cota total que pagaches ao longo do ano 2023 pola túa afiliación.





## AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO SECTOR DA LIMPEZA DA PROVINCIA DA CORUÑA MOBILÍZANSE EN DEFENSA DO CONVENIO

MÉRCORES  
**24**  
ABRIL

**CONCENTRACIONES  
SECTOR DA LIMPEZA  
PROVINCIA DA CORUÑA**

De 10.30 a 11.30 na sede de EULEN  
De 12.00 a 13.00 na sede de CLECE

**Participa!!!**



**¡EN DEFENSA DO CONVENIO! ¡QUEREMOS O QUE É NOSO!**

**CONVOCAMOS:**





1/1

**Redacción.-** FeSMC-UGT informa que o vindeiro día 24 están convocadas sendas concentracións, fronte á sede de Eulen, na Coruña, a partir das 10.30, e fronte á sede de Clece, tamén na cidade herculina, a partir das 12.00 horas, en defensa do convenio colectivo.

## UGT FICA revalida a súa maioría no centro de Nestlé en Pontecesures (Pontevedra)



**Redacción.-** A candidatura presentada por UGT FICA nas eleccións sindicais celebradas no centro traballo de Nestlé en Pontecesures (Pontevedra) revalidou a súa maioría e repetiu o resultado conseguido fai catro anos ao obter 4 representantes, polos 3 de CIG e dous de CCOO.

UGT FICA agradece a confianza depositada unha vez máis polo persoal de Nestlé Pontecesures na nosa candidatura, que vén avalar o traballo desenvolvido polos nosos representantes e constitúe un impulso para defender e mellorar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras da planta pontevedresa.

## ACTOS DA FUNDACIÓN LUÍS TILVE NO ANIVERSARIO DA II REPÚBLICA

**Redacción.-** Con motivo da conmemoración da II República, a Fundación Luís Tilve desenvolveu diversos actos na cidade de Pontevedra que se iniciaron cunha conferencia co título “O camiño da igualdade da muller na II República”, que tivo lugar o venres 12, coa participación da catedrática de historia e secretaria xeral da Agrupación Socialista de Pontevedra, Maica Larriba. Tras Larriba, interveu o director da Fundación, Guillermo Pérez, que resaltou a importancia de difundir a historia e recuperar a memoria, nun momento en que se está a producir unha contraofensiva da ultradereita para silenciar ás vítimas da Guerra Civil e branquear a Ditadura, poñendo en perigo os valores democráticos alcanzados. A continuación tomou a palabra a historiadora e doutora da Universidade de Valladolid, Raquel Vázquez Ramil, quen analizou a situación legal das mulleres españolas no primeiro terzo do século XX, para reflectir, a continuación, o papel que xogaron na vida política do momento e na configuración da Constitución republicana de 1931, así como a proxección do voto feminino (no que xogarian un papel fundamental o apoio dos socialistas) e os grandes debates como o relativo ó di-

vorcio. Tamén se abordou o impulso e integración da muller no proceso educativo e a repercusión destas mestras en Galicia, moitas das cales pertencían á FETE-UGT.

O domingo 14 de abril, no cemiterio de Salcedo, tivo lugar unha homenaxe en lembranza de Edelmiro Dios Vázquez, quen tras iniciarse nas Xuventudes Socialistas, das cales foi presidente, desenvolveu unha gran actividade no eido sindical, no sector metalúrxico da UGT, asumindo a dirección deste sindicato. Foi detido en 1934 pola súa activa participación na folga revolucionaria, en 1936, xa como vicesecretario da Federación Provincial do PSOE, e tras un primeiro intento de defender o réxime democrático, ten que esconderse, sendo detido o 3 de setembro en San Adrián de Cobres. Interrogado violentamente, aparece dous días despois asasinado no Cemiterio de Bora, pese a



ser posto a disposición do xuíz militar. Pese a elo, en 1938 se celebra causa xudicial e se lle acusa de rebelión. A súa familia sufrirá detencións, extorsións, sancións e será represaliada durante todo o período franquista.

Moitos descendentes de Edelmiro e da súa familia asistiron ao acto e agradeceron que o seu recordo seguira vivo.

# A UE LANZARÁ A PRIMEIRA ESTRATEXIA EUROPEA DE LOITA CONTRA O SENFOGARISMO, UNHA REIVINDICACIÓN DE UGT

*Estímase que hai máis de 1 millón de persoas sen fogar na UE, e esta secuela afecta cada vez a máis persoas e a perfís máis diversos*



**Redacción.-** A Unión Europea, os interlocutores sociais e a sociedade civil renovaron o seu compromiso para atallar o problema do senfogarismo exacerbado pola falta xeneralizada de vivenda na Conferencia de Alto Nivel sobre o Piar Europeo de Dereitos Sociais celebrada na Hulpe (Bélxica).

Na actualidade, estímase que hai máis de 1 millón de persoas sen fogar na UE, unha secuela que cada vez afecta a máis persoas e a perfís máis diversos. Por iso, UGT, a través da súa participación no CESE, instou o ditame a iniciativa propia "Por un marco da UE para as estratexias nacionais sobre persoas sen fogar baseado no principio de «a vivenda primeiro», que está a servir de folia de roteiro á Presidencia belga.

O ditame foi posto en valor por países como España, Francia ou Portugal e ten como obxectivo principal reforzar e afianzar o traballo da Plataforma Europea contra o sen-

fogarismo para erradicalo en Europa de aquí a 2030.

Este compromiso continúa o espírito da Declaración de Avilés, asinada durante a Presidencia española do Consello a instancia do sindicato, que fai fincapé na necesidade de elaborar políticas adecuadas, e levar a cabo a primeira estratexia europea para erradicar o senfogarismo, algo ao que se comprometeu a Presidencia belga durante o desenvolvemento do evento na cidade asturiana.

Esta Declaración sobre o Futuro do Pilar Europeo de Dereitos Sociais, que reconece a importancia da Plataforma Europea de Loita contra o Senfogarismo, establece que, tendo en conta as competencias nacionais, xustifícase unha acción continuada en materia de vivenda social accesible, eficiente, ecolóxica e alcanzable para satisfacer as necesidades de vivenda de todos, erradicar o senfogarismo e promover un

enfoque "da vivenda primeiro".

## A vivenda primeiro

E é que a falta de vivenda segue sendo un problema en moitos Estados membros, xunto cos retos relacionados coa asequibilidade e accesibilidade da vivenda, en particular nas zonas urbanas, coa pobreza enerxética e co alto custo da vida, que afectan a un amplo abanico de persoas, pero, sobre todo, ás que teñen rendas baixas, o que exige estratexias integradas e un seguimento.

Por todo iso, UGT celebra este compromiso, xa que entende que a firma do acordo, xunto coa elaboración dunhas conclusións do Consello da UE, son elementos esenciais que axudarán a canalizar as súas reivindicacións e servirán como paso previo á elaboración da primeira estratexia europea co obxectivo de acabar con esta secuela.